



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 40 – AGOSTO 2008

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos (Lugo)-Avenida da Fábrica da Luz s/n, 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

LEXISLACION

ORDE DO 19 DE AGOSTO DE 2008 ¡ IMPORTANTE !

Axudas á utilización dos Servizos de Aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias. Deberan solicitálas tódolos titulares que demanden deste tipo de servizo, que facilitará o cumprimento da Condicionalidade, dos compromisos asociados ó contrato de explotación sustentable (CES), programas de xestión...

[Prazo ata 26 de setembro de 2008!](#)

ORDEN ARM/2448/2008, de 12 de agosto

(BOE nº 200, 19/08/08) Durante o presente ano, non se adjudicarán dereitos a prima de ovino e caprino, nin dereitos a prima de vaca nodriza das correspondentes reservas nacionais, con efectos a partir de 2009.

Asimesmo, no presente ano, no prazo establecido no artigo 13.3 do RD 1839/1997, de 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos a prima e para o acceso ás reservas nacionais, respecto ós produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nodrizas, non se admitirán solicitudes relativas a ditos dereitos, para a súa utilización a partir de 2009.

ORDE DO 8 DE SETEMBRO DE 2008

Axudas destinadas a explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

O obxectivo desta liña de axudas é reducir o custe da recollida de animais mortos e unha forma fácil de facelo é conxelar os animais pequenos, evitando moitas viaxes e optimizando e abaratando, polo tanto, a recollida. É importante conseguilo pois, como ben sabedes este tipo de actuacións xa son obrigatorias noutros sectores (coellos, aves...) e ademais non subiría a prima do seguro.

Estas axudas son interesantes para explotacións de ovino ou caprino de tamaño mediano ou grande, nas que ó longo do ano se producen varias mortes de pequenos animais, como años ou recria.

Subvencionase a adquisición ou reposición de contedores, a dotación dos mesmos con dispositivos de refrixeración ou a **adquisición de conxeladores** de clase enerxética A ou superior.

[Prazo ata o 30 de setembro de 2008!](#)

DEMOSTRACION DE MANEXO DE RABAÑOS CON CANS

O **venres 17 de outubro de 2008** realizarase unha charla formativa e unha demostración de manexo de rebaños con cans adestrados, da raza Border collie. Esta xornada realizarase nas instalacións do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, e será impartida por Alejandro Ibarra, adestrador profesional con ampla experiencia e colaborador habitual de OVICA.



A xornada constará dunha parte de carácter teórico na que se explicaran os principios básicos do adestramento e traballo co gando, e outra na que se realizan demostracións en campo, tanto con gando ovino como vacún. Ademais, tamén explicara os últimos proxectos e traballos con persoas autistas e o beneficio do traballo con cans. Mais información en OVICA e www.mendilur.org ¡ANIMATE A VIRI!

CURIOSIDADES: CABRAS POLICERAS



Cabras de catro cornos ou "Multihorned goats". Mais raro en caprino que en ovino, este carácter parece estar asociado a unha lesión ou fendedura no párpado superior, chamada SUED.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA - VENTA

- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas – Ourense) Tfno. 659083339 – 628474264, vende:
 - Venta de cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade
 - Véndense cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade
 - Vendese esterco de cabra
- Vendese rebaño 160 cabras con dereitos en Porqueira (Ourense) Tfnos.:661 323 292/93
- Vendese tractor JD2140DT, segadora Khun con acondicionador 2,4 m de corte e rotoempacadora Deutz. Tfno.:679455138
- Véndese herba seca en rolos e esterco de ovella. Maceda (Ourense). Tfno.:649882625
- Véndese rebaño de 240 ovelas. Vilardevós (Ourense) Tfno.: 988 417079 (Concha)
- Véndese carneiro de 4 anos (A Estrada) Tfno.: 986 588 380 (Venancio)
- Véndese camada de Border collie. Os Carrís – Láncara (Lugo) Tfno.: 981 569 347 (Juan)
- Véndense rolos de herba seca en Calvos de Randín (Ourense) Tfno.: 629 756 129 (Francisco)

ADSG ACIVO: A VACINACION

A vacunación, xunto coa desparasitación forman a base da prevención de enfermidades. En xeral, debemos vacinar uns 15 días despois de desparasitar. Deste xeito aseguramos unha boa resposta inmunitaria dos nosos animais.

É fundamental manter as condicións de conservación dos produtos mantendo a cadea de frío ata a súa aplicación pois unha vez aberto o envase a vacina perde a súa efectividade nunhas horas. Esta caducidade tan curta débese a súa composición orgánica que provoca que se degrade e contamine con facilidade o non estar en refrixeración e ó abrilo recipiente.

O aplicala vacina debese temperar e inxectar nunha zona limpa e onde non se produza roce, xa que soen dar reacción local. E aconsellable cambiar de agulla o mais frecuentemente posible, cada poucos animais.

Arredor do 80% das explotacións pertencentes á ADSG ACIVO levan a cabo vacunación contra enterotoxemias (basquilla) e en casos puntuais realízanse outras pautas de vacunación específicas para cada rabaño.

Para calquera dúbida sobre as vacinacións do voso rebaño consultade co voso veterinario da ADSG ACIVO.



FEIRA DE SAN FROILAN – EXPOLUGO 2008

OVICA participará como expositor na **III Feira Multisectorial San Froilán, que se celebrará do 3 ó 6 de outubro de 2008 no Recinto Feiral do Pazo de Feiras e Exposicións de Lugo.** Ademais da III Mostra Gandeira, Agroalimentaria e de Maquinaria Agrícola este ano inclúe a I Edición do Salón de Maquinaria Agrícola Clásica.

A Feira dará comezo o día 3, pola tarde, cun desfile dos animais polo centro da cidade, e rematará o luns día 6. Como sempre, OVICA contará cun stand e tamén fará posible a presenza de animais de diferentes razas de ovino e caprino.

A ADSG ACIVO tamén realizará unha **Xornada Técnica sobre a Lingua Azul**, na que se falará da enfermidade e do seu control mediante a vacunación.

A Xornada celebrarase o domingo día 5 ás 11 horas.

Se estas interesado en asistir ponte en contacto con OVICA para conseguilas túas entradas.

RAZAS: MOUTON VENDEEN



Raza francesa das rexións do Loira e Poitou froito de varios cruces, con gran influencia da raza inglesa SOUTHDOWN.

Características: Prolificidade, instinto maternal, excelente conformación e potencial de crecemento.

Censo actual: 250.000 ovelas

Prolificidade elevada: 1,85

Ganancia media diaria:

10-30 días: 226 g/día, parto dobre

30-70 días: 311 g/día, parto simple

Peso machos: 100 a 120 kg

Peso femias: 65 a 80 kg



ADSG ACIVO

Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia